



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**Descrición Decreto:** Aprobación lista provisional de admitidos/as e excluídos/as selección persoal laboral temporal por oposición para bolsa de traballo auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores e persoal vulnerable do Concello de Boimorto, lista definitiva, nomeamento Tribunal cualificador e convocatorias membros Tribunal e aspirantes.

## DONA MARIA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Finalizado o prazo de presentación de instancias para tomar parte no proceso selectivo de bolsa de traballo persoal laboral temporal como auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores e persoal vulnerable do Concello de Boimorto, aprobado por decreto desta alcaldía núm. 62/2024 de data 14/02/2024 e publicado no BOP núm. 36 de data 20/02/2024.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases de réxime local polo presente, **RESOLVO**

**PRIMEIRO.-** Aproba-la seguinte lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

<b>BOLSA DE TRABALLO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR E DE APOIO A PERSOAS MAIORES E PERSOAL VULNERABLE</b>	
<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>DNI</b>
<b>ADMITIDOS/AS</b>	
ABAD SESAR MARIA JESUS	XXX6415XX
AGUION ANDRADE MARIA LUISA	XXX8890XX
FELPETE VILARIÑO CARMEN	XXX9180XX
FREIRE PAMPIN NATALIA	XXX0056XX
GARCÍA REY ANA MARÍA	XXX8945XX
GAUSACH GIL PATRICIA	XXX3887XX
LISTE PETEIRO CRISTINA	XXX6076XX
NEIRA CARBAJALES SANDRA	XXX3446XX
SANCHEZ CREGO MARIA JOSE	XXX8658XX
<b>EXCLUIDOS/AS</b>	
NINGÚN/HA	

**SEGUNDO.-** Elevar a definitiva a lista provisional de aspirantes admitidos/as no proceso selectivo ao non existir excluídos/as segundo o sinalado no punto seis das bases para bolsa de traballo persoal laboral temporal como auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores e persoal vulnerable do Concello de Boimorto.

**TERCEIRO.-** Nomear os seguintes membros do Tribunal cualificador en aplicación da base sétima da convocatoria aprobada por decreto alcaldía núm. 62/2024 de data 14/02/2024 para bolsa de traballo persoal laboral temporal como auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores e persoal vulnerable do Concello de Boimorto:

-Presidente: A traballadora social do Concello de Boimorto, M.<sup>a</sup> Esther Vidal Pandelo.

Suplente presidente: A traballadora social do Concello de Toques, Guadalupe Vázquez Ascariz.

-Vogais:

1º vogal: A axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Boimorto, Ana M.ª Vallo Camba.

Suplente 1º vogal: A axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Toques, Mónica Seijas Rey.

2º vogal: A auxiliar de axuda a domicilio do Concello de Boimorto, M.ª Elena Rey Souto.

Suplente 2º vogal: A orientadora laboral do Concello de Santiso, Cristina Tato Miguez.

3º vogal: A técnica en intervención familiar- psicológa do Concello de Boimorto, M.ª Teresa Gómez Cea.

Suplente 3º vogal: A traballadora social do Concello de Vilasantar, M.ª Montserrat Varela Vázquez.

-Secretario: o do Concello ou funcionario/a que legalmente a substitúa.

-Persoal colaborador: Normalizador lingüístico do Concello de Melide, Xaquín Vázquez Rodríguez.

**CUARTO.-** Convocar aos membros do Tribunal cualificador e aspirantes á selección para bolsa de traballo persoal laboral temporal como auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores e persoal vulnerable do Concello de Boimorto á realización da oposición ( proba práctica) para o **mércores día 6 de marzo ás 9:30 horas** na Casa consistorial do Concello de Boimorto.

**QUINTO.-** Convocar ao seguinte aspirante á selección para bolsa de traballo persoal laboral temporal como auxiliar de axuda no fogar e de apoio a persoas maiores e persoal vulnerable do Concello de Boimorto á realización da proba de coñecemento da lingua galega segundo a base dez da convocatoria para o **mércores día 6 de marzo ás 11:00 horas** na Casa consistorial do Concello de Boimorto:

- FELPETE VILARIÑO CARMEN ( XXX9180XX)

**SEXTO.-** Publicar este decreto no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello aos efectos oportunos.

Decretoouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ